



A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA VEN DE ALEGAR CONTRA A TRAMITACIÓN DUNHA AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA QUE PRETENDE DAR AMPARO A NOVOS RECHEOS E DRAGADOS NO PORTO DE MARÍN

Atopándose en período de exposición pública o documento denominado “Documento de Iniciación de la Evaluación Ambiental Estratégica del Plan Especial de Ordenación del Puerto de Marín y Ría de Pontevedra”, a Asociación Pola Defensa da Ría ven de presentar alegacións, solicitando que se poña fin a calquera tramitación que se pretenda iniciar camuflando un proxecto de actuacións fortemente impactantes como un programa estratéxico.

A Autoridade Portuaria pretende continuar coa súa xa habitual tramitación fraudulenta de novos recheos e dragados, duramente criticada en diversas sentenzas xudiciais que a teñen considerado ilegal, para a consecución de novas superficies e atraques que se disfrazan de un suposto interese público, pero que na práctica veñen a beneficiar case en exclusiva aos dous principais operadores do porto, Nogueira e Pérez Torres, que grazas ás grandes cifras de diñeiro público invertidas ven medrar os seus negocios baseados nos tráfico mariños, a costa da degradación ambiental e da perda de recursos naturais sostibles e os postos de traballo asociados na zona interna da Ría de Pontevedra.

A alegación da APDR fundaméntase na inadecuación do instrumento que se pretende utilizar para a legalización dos recheos e dragados, a avaliación ambiental estratéxica, e que está destinado a plans e programas sectoriais nos que se definen estratexias de ámbito territorial moi amplo e non a plans especiais de ordenación interna dun porto que é o obxectivo dun plan especial portuario. Neste sentido, un plan especial tampouco é documento no que se planifican obras, recheos ou dragados, estes precisan dun plan de obras específico que debe ser sometido a estudo de impacto ambiental.

Pero o principal argumento utilizado pola APDR fai referencia á ilegalidade das obras que se pretenden realizar. Débese recordar que os recheos realizados, aos que se planea sumar agora os novos que se describen no que a Autoridade Portuaria denomina “Documento de Iniciación da E.A.E. do Plan Especial de Ordenación do Porto de Marín e Ría de Pontevedra” foron declarados ilegais en sentenza do Tribunal Supremo que anulou o Plan Especial aprobado no ano 2000 e condenou aos responsables da súa tramitación, Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra e Autoridade Portuaria á retirada dos recheos realizados ao amparo do mesmo. Aínda que os responsables do Porto argumentaron que existía unha proxecto de modificación dese plan que o anulaba, aprobado en 2005, o certo é que nesa modificación consérvanse as deficiencias existentes no documento orixinal; de feito foi considerado tamén ilegal en 2010 en sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra que anulaba a licenza de obras concedida polo Concello de Marín a “Cabomar conxelados” e posteriormente Polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A tramitación da avaliación ambiental estratéxica suporía a caída da Autoridade Portuaria e da Consellería de Medio Ambiente nun novo ilícito e, a realización dos recheos e dragados, provocaría un novo impacto ambiental e sobre os recursos naturais –os bancos marisqueiros do interior da ría– de graves consecuencias que xa se comprobaron e denunciaron en fases xa executadas. A degradación do substrato sedimentario da zona interna da Ría ten avanzado coas obras realizadas no Porto de Marín ao tempo que teñen diminuído os recursos marisqueiros e os postos de trabalo asociados aos mesmos. A Administración debe utilizar os recursos públicos para cumprir coa sentenza do Tribunal Supremo e recuperar ambientalmente o fondo da ría, os bancos marisqueiros e os postos de traballo e non para o beneficio exclusivo dos poucos empresarios que se reparten o dominio público portuario.

Pontevedra, 14 de abril de 2012

Benito Andrade, da Asociación Pola Defensa da Ría